

BANDO INFORMATIVO

LIMPEZA DE PARCELAS

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, alcalde do Concello de Oroso (A Coruña)

Informa: A Consellería do Medio Rural segundo a Lei 3/2007 de “ Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia” modificada en parte pola Lei 7/2012 de “ Montes de Galicia” establece:

As obrigas dos propietarios/ usufructuarios das parcelas de manter estas limpas

Art. 22 **Procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas**

1. **As persoas físicas ou xurídicas responsables**, segundo o disposto no artigo 21 ter, procederán a execución da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión da biomasa segundo os criterios establecidos por orde da consellaría competente en materia forestal.
2. No suposto de incumprimento do disposto no anterior, os entes locais, no caso do artigo 21 e nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, así como a consellaría competente en materia forestal nos restantes casos, poderán notificar ás persoas responsables a súa obriga de xestión da biomasa vexetal, advertíndoas da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda e da aplicación de multas coercitivas, se é o caso.
3. Se nun **prazo curto de tempo** os titulares non acometen os traballos de limpeza das fincas, as citadas administracións **poderán proceder á execución subsidiaria dos traballos, repercutíndolles os custos ás persoas responsables** segundo o disposto no artigo 21 ter.

Oroso a 3 de xullo de 2018

O alcalde,

Manuel Miras Franqueira

